

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN MARIA JOSÉ JOVE, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DUNHA UNIDADE DE HOSPITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN DE ONCO-PEDIATRÍA NO HOSPITAL TERESA HERRERA-MATERO INFANTIL DE A CORUÑA

En A Coruña a 14 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do **Servizo Galego de Saúde** (en adiante, “SERGAS”), actuando en nome e representación deste último, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, modificado por Decreto 111/2013, do 4 de xullo, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Doutra parte, D^a. María Felipa Jove Santos, con DNI número [REDACTED] en calidade de Presidenta, en nome e representación da “**FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE**” (en adiante, “FMJJ”), Institución privada, de carácter social e sen ánimo de lucro, con domicilio na Coruña, Rúa Galileo Galilei, 6, Polígono A Grela, Edif^o Work Center, e CIF [REDACTED], inscrita no Rexistro Único de Fundacións de interese Galego, Sección da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública co número 2003/3.

Ambas partes, na representación invocada, recoñécense mutuamente a capacidade legal para este acto, e para tal efecto

MANIFESTAN

I.- Que a Consellería de Sanidade dirixe o Sistema Público de Saúde de Galicia mediante estratexias e liñas de actuación coherentes coa política sanitaria formulada polo Goberno de Galicia.

Para acadar os obxectivos en saúde, a Consellería de Sanidade promove actuacións a través dos centros propios e de sectores alleos implicados na mellora da saúde.

O mesmo ca outros sistemas, planifica e xestiona o seu propio financiamento, procura a xeración de recursos, organiza a provisión de servizos e garante unha tutela efectiva dos recursos da saúde.

O Sistema Público de Saúde integra, coordina e organiza todos os centros, servizos e establecementos públicos autonómicos, en favor de promover a saúde da cidadanía, protexela contra posibles riscos e asistila en caso de enfermidade.

II.- O artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia configúrase o Servizo Galego de Saúde, como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade.

Dito organismo autónomo integra os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou transferidos, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se adscriban.

Entre ditos establecementos sanitarios está o Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil (A Coruña), que conta, entre outros, cos servizos de pediatría, na súa terceira planta.

III.- Que é interese do Servizo Galego de Saúde, co fin de dar un mellor servizo ós pacientes onco-pediátricos do Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil da Coruña, reformar a unidade de lactantes para crear unha unidade de Hospitalización e Rehabilitación de onco-pediatría na planta terceira do Hospital.

IV.- Que a FMJJ, é unha entidade sen ánimo de lucro que persegue fins de interese social, os cales se estruturan en torno a catro grandes áreas de traballo: Promoción Cultural, Saúde, Educación e Formación e Ocio e tempo libre responsable.

V.- Que as institucións intervenientes xa teñen establecido no pasado liñas de actuación de mutuo interese, teñen obxectivos comúns, e están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para levar a cabo o obxecto do presente acordo, que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente acordo é establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo o Proxecto de reforma da actual unidade de lactantes do Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil (A Coruña), coa finalidade de dotalo dunha unidade de Hospitalización e Rehabilitación de onco-pediatría na planta terceira do Hospital, para dar un mellor servizo aos pacientes onco-pediátricos.

Xúntase como Anexo ao presente acordo o Anteprojecto Técnico da reforma, aprobado polas partes, que será parte integrante do mesmo para todos os efectos.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.

1.- A FMJJ obrígase e comprométese a:

- a) Levar a cabo a contratación da execución das obras necesarias para acometer a reforma da unidade de lactantes da planta terceira do Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil (A Coruña), segundo o previsto no Anteprojecto indicado na cláusula anterior. A FMJJ velará para que a empresa que vaia realizar as obras cumpra con todos os requisitos necesarios para o desenvolvemento da actividade, posúa a cobertura de seguros necesaria, e cumpra as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e saúde no traballo.

- b) Asumir o custo da contratación da execución das obras antes indicadas, segundo o presuposto incorporado no Anteproxecto Técnico, así como as incidencias que puideran derivarse de dita contratación.
- c) De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

2.- O Servizo Galego de Saúde asume as seguintes obrigas e compromisos:

- a) Facilitar o acceso ó Hospital Teresa Herrera–Materno Infantil (A Coruña) ó persoal da empresa contratada pola a FMJJ para executar ditas obras, no prazo mais breve posible.
- b) Obter tódolos permisos e/o autorizacións que puidesen ser precisos para a realización das obras indicadas; eximindo a FMJJ de calquera responsabilidade u obriga ó respecto.
- c) Difundir a colaboración da FMJJ no Proxecto.

TERCEIRA.- Modificacións.

Se durante o desenvolvemento do Proxecto se producisen circunstancias que implicasen modificacións substanciais do presente acordo, as Partes documentarano por escrito mediante a sinatura dunha addenda ao presente acordo.

CUARTA.- Difusión.

As partes asinantes poderán difundir a súa colaboración no Proxecto, en calquera manifestación pública que se leve a cabo en relación ao obxecto do presente acordo, a través de calquera medio de comunicación escrito, radio, televisión, Internet ou calquera outro tipo destas manifestacións públicas: roldas de prensa, entrevistas, notas de prensa, conferencias, etc.

Nos materiais de difusión que puideran prepararse (carteis, folletos, memorias, vídeos, etc.) farase constar expresamente a colaboración das partes asinantes, con inclusión das marcas ou logotipos que para tal efecto se faciliten. O uso de logotipos ou imaxes corporativas terá en conta o previsto no Decreto 409/2009, de 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos de identidade corporativa da Xunta de Galicia e a Orde de 17 de abril de 2007 pola que se establecen o símbolo, o logotipo e o manual de identidade corporativa do Servizo Galego de Saúde.

Sen prexuízo do anterior, calquera difusión que se leve a cabo do Proxecto, será consensuada polas partes.

QUINTA.- Cláusula de confidencialidade e protección de datos.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións negociais entre as partes.

SEXTA.- Comisión de seguimento.

As partes asinantes designarán un representante para os efectos de constituír unha comisión de seguimento do Proxecto.

A comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente acordo.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo, e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución do presente acordo.

Dita comisión reunirse cunha periodicidade mínima mensual e sempre que o solicite calquera das partes asinantes.

SÉTIMA.- Natureza xurídica do acordo

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

OITAVA.- Duración e vixencia.

O presente acordo terá efectos desde a data de sinatura e estará en vigor ata a finalización do Proxecto, establecéndose un prazo aproximado para a execución das obras de 6 meses, a contar desde o momento en que o SERGAS indique a FMJJ que as obras poden empezar.

Independentemente do anterior, o prazo de execución sinalado poderá modificarse, tendo en conta os tempos, que por operativa do propio Hospital, non poidan executarse a obra.

NOVENA.- Resolución anticipada.

Serán causas de resolución do presente acordo:

- a) O non inicio das obras no prazo de 6 meses desde a firma do presente convenio.
- b) O incumprimento total ou parcial dos termos do mesmo.
- b) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- c) O mutuo acordo das partes.
- d) A denuncia por calquera das partes, de forma expresa e por escrito, argumentando os motivos, con quince días de antelación á terminación do mesmo.

En calquera destes casos, deberán finalizarse os traballos e compromisos que estean en vigor ao tempo de producirse calquera das causas de resolución antes indicadas, agás que as partes de mutuo acordo dispoñan o contrario.

DÉCIMA.- Xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo, por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados ao comezo.

Polo Servizo Galego de Saúde

Por Fundación María José Jove

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Felipa Jove Santos